

DIRECCIÓN XERAL DA CORPORACIÓN
RADIO TELEVISIÓN DE GALICIA
Rúa San Marcos, S/N
15820 Santiago de Compostela
A Coruña

Asunto: Cobertura informativa da CRTVG no Pleno Ordinario da Corporación Municipal do xoves 31 de xaneiro de 2019.

O día 31 de xaneiro ás 20:30h. celebrouse o Pleno Ordinario do Concello de Ames con diversos asuntos na Orde do Día, entre os cales se abordaron aspectos de importante interese municipal para deliberación e acordo.

No apartado correspondente a Mocións presentouse por parte dos grupos municipais do Partido Popular de Ames e de Pacto por Ames unha moción de urxencia para solicitar o recoñecemento institucional de Juan Guaidó como Presidente interino da República Bolivariana de Venezuela.

Ao inicio da sesión plenaria colocouse unha cámara con trípode no salón de plenos, sendo a primeira e única vez durante este mandato no que se cubre información por parte da CRTVG do pleno do concello de Ames. A maiores, e para desconcerto de todos os grupos políticos presentes, colocouse un micrófono con logotipo da CRTVG unicamente na mesa do concelleiro do grupo propoñente, que ademais é o candidato ás eleccións municipais do Partido Popular de Ames, coa finalidade de recoller a súa intervención excluindo aos demais grupos municipais.

O Concello de Ames, como institución pública, representada no Pleno da Corporación non pode consentir que se faga un uso partidista dun medio de comunicación como é a CRTVG. Pois isto foi o que quedou de manifesto na sesión plenaria de onte, dende o máximo respecto e consideración ao cámara que realizaba dito traballo, ao entendermos que a orde de cobertura informativa de dito asunto no Pleno compete ao responsable do correspondente departamento da CRTVG.

En base a isto e mediante o presente escrito **os grupos municipais asinantes queremos poñer de manifesto a nosa indignación e malestar polos feitos acontecidos na sesión plenaria do pasado día 31 de xaneiro de 2019 no tocante á cobertura informativa da CRTVG.**

Así mesmo, **solicitamos que se depuren responsabilidades sobre a toma de decisións neste asunto e se aclare o obxectivo de dita cobertura informativa.**

Atentamente,
Ames, 4 de febreiro de 2019

Grupo Municipal PsdG-PSOE

Grupo Municipal Ames Novo

Grupo Municipal BNG

Grupo Municipal Contigo Pódese